



## **ACORDO PLENARIO DE ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

Ó abeiro do establecido nos artigos 2.1.e), 20.4.ñ) e 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobouse o establecemento do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil (de 0 a 3 anos)

### **ARTIGO 1- Obriga de pago**

A obriga de pago do prezo público prodúcese pola recepción do servizo de escola infantil nas distintas modalidades previstas neste acordo.

### **ARTIGO 2- Obrigados ó pago**

Estarán obrigados ó pago do prezo público os proxenitores das crianzas que se encontren en situación de alta na escola infantil municipal, ou ben os familiares ou titores, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, ou quen lle corresponda ó exercicio da patria potestade.

### **ARTIGO 3- Nacemento da obriga de pago**

O nacemento da obriga de pago se producirá dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, o que terá lugar co inicio oficial do curso escolar, sen prexuízo da esixencia do ingreso previo da matrícula do curso no momento de presentar a documentación necesaria para a matriculación.

### **ARTIGO 4- Xestión e cobranza**

Durante cada curso escolar, procederase mensualmente ó cálculo do importe a satisfacer polos obrigados o pago, en función das modalidades de servizo que reciban cada mes (xornada de ensinanza completa ou parcial e utilización ou non do servizo de comedor).

Estes importes mensuais serán obxecto de aprobación por Decreto de alcaldía durante os 10 primeiros días de cada mes, e cuantificarán o servizo de escola infantil durante o mes en curso e o servizo de comedor do mes inmediatamente anterior.

O expediente de cálculo destes importes estará a disposición dos interesados na tesourería municipal entre os días 10 a 15 de cada mes, ós efectos de que poidan consultalo.

A cobranza realizarase por domiciliación bancaria, previa autorización asinada polos obrigados o pago, a cal se fará executiva o día 20 de cada mes ou inmediato hábil posterior. En caso de impago, iniciarase o procedemento administrativo de prema.



As datas previstas neste artigo poderán modificarse por razóns do servizo, sen que a mesma afecte á eficacia dos cobros.

Polo que respecta ó importe da matrícula, este deberá abonarse no momento de presentación da documentación necesaria para a matriculación no servizo, o fin de sufragar os custes administrativos derivados do exame e valoración das solicitudes. Este importe esixirase en réxime de autoliquidación.

#### **ARTIGO 5- Altas e baixas**

- a) Altas: En caso de alta no servizo una vez iniciado o curso, o pago do primeiro mes realizarase por quincenas, de maneira que se ó alta se produce na segunda quincena do mes pagarase unicamente o importe correspondente a dita quincena.
- b) Baixas: En caso de baixa no servizo una vez iniciado o curso e antes de rematar o mesmo, o pago do último mes en que se reciba o servizo realizarase por quincenas, de maneira que se a baixa se produce na primeira metade do mes, unicamente deberá abonarse o importe correspondente a esa quincena.

Ditas baixas deberán ser comunicadas ó concello a través do Rexistro Xeral de Entrada e dirixidas ó departamento de Servizos Sociais cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto da data en que se vaian a facer efectivas.

#### **ARTIGO 6- Importe a pagar**

Os importes previstos neste acordo serán de pago obrigado sempre que a crianza estea dada de alta no servizo, sen que ausencias temporais, aínda que sexan xustificadas, poidan reducir o seu importe.

Con todo, respecto do servizo de comedor, a ausencia xustificada por mais de quince días naturais, levarán consigo o desconto correspondente no importe a abonar unicamente por este servizo.

O previsto nos dous parágrafos anteriores se aplicará sen prexuízo da regulación que, respecto das vacacións das crianzas, en cada momento se estableza no Regulamento municipal de organización e funcionamento da escola infantil vixente en cada momento.

O concello non esixirá o pago de importe algún cando non poida prestar ó servizo ós usuarios por causa exclusivamente imputable ó mesmo ou por forza maior e unicamente durante o tempo en que non se preste o servizo por estas circunstancias.

#### **Importes:**

- a) O importe a pagar en concepto de matrícula ascende a 6 €.
- b) O importe a pagar mensualmente pola prestación do servizo será o determinado polo Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos



das escolas infantís dependentes da consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, polas súas sucesivas actualizacións de prezos, modificacións que poida sufrir e pola normativa autonómica que a substitúa.

O importes sinalados no apartado b) incluírán calquera imposto directo ou indirecto que poida repercutirse e abonaranse durante once mensualidades ó ano en aplicación do Regulamento municipal de organización e funcionamento da escola infantil municipal vixente en cada momento.

A estes efectos, o importe do prezo público a abonar segundo o apartado b) dependerá da renda per cápita mensual, entendéndose por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Entenderase por unidade familiar a estes efectos a que se defina en cada momento no Regulamento municipal de organización e funcionamento da escola infantil vixente en cada momento.

Terán a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a Renda da Persoas Físicas. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles as que se fai referencia obteranse como resultado de lles aplicar ós datos existentes na Administración ós criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda da Persoas Físicas

## **ARTIGO 7- Delegación na Xunta de Goberno Local**

Delegaranse na Xunta de Goberno Local as adaptacións dos importes a pagar segundo vaian sendo actualizados e modificados pola normativa autonómica para as súas escolas infantís, ós únicos efectos de que o texto do acordo de establecemento do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil sexa acorde con ditas actualizacións e modificacións.

O feito de que polo concello de A Guarda non se aproben estes cambios na redacción, non impedirá que os importes vixentes en cada momento sexan os aprobados pola normativa autonómica conforme ó disposto no apartado b) do artigo 6 deste acordo.

## **ARTIGO 8- Descontos**

- Ós usuarios pertencentes a familias numerosas debidamente recoñecidas en virtude da normativa estatal vixente lles serán de aplicación os descontos establecidos en materia de educación por dita normativa.
- Ós usuarios pertencentes a familias monoparentais segundo a definición que das mesmas se realice no Regulamento municipal de organización e funcionamento da escola infantil vixente en cada momento, terán dereito a un desconto do 20%, sempre que a súa situación non poida ser entendida como de familia numerosa ou equiparable á familia numerosa segundo a normativa estatal vixente.



- En aplicación do sinalado pola Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na súa redacción dada polo artigo 23.6 da Lei galega 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, establécese unha bonificación do 100% do prezo público pola atención educativa nos casos de matriculación na escola infantil do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

Esta bonificación, que non se aplicará ó prezo público pola prestación do servizo de comedor da escola infantil, estará en vigor mentres se aplique no ámbito autonómico e nas mesmas condicións en que se aplique, salvo que con carácter previo o concello de A Guarda decida expresamente a súa derogación.

## **ARTIGO 9- Réxime supletorio, derogación e entrada en vigor**

En todo o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación supletoria o Regulamento municipal de organización e funcionamento da escola infantil do concello de A Guarda vixente en cada momento

A aprobación deste acordo plenario supón a derogación da ordenanza municipal reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en garderías infantís, ata agora vixente.

O presente acordo entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **ANEXO**

A efectos informativos establécese como anexo a este acordo o anexo da Resolución do 10 de maio de 2017 da Axencia Galega de Servizos Sociais pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes da mesma, actualmente vixente ós efectos deste acordo:

### **1. Prezo da atención educativa.**

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

### **2. Prezo por servizos complementarios.**

#### **a) Servizo de comedor.**

O prezo por este servizo fíxase en 74,05 €.



Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 de este anexo.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 € por día.

b) Horario ampliado.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 €.

3. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 186,18 €; sen servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.



h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €